

PROCESO SELECTIVO DE TÉCNICO PARA O GDR3

O GDR3 Montes e Vales acordou **ampliar o prazo** de presentación de solicitudes para o proceso selectivo de técnico aberto o pasado día 11 de Maio.

Os documentos precisos para participar neste proceso selectivo deberán estar antes do **venres 4 de Xuño do 2010 ás 14:00 h** en posesión da Asociación, é decir, deberán estar disponibles nalgunha das dúas sedes que o Grupo ten en A Fonsagrada e en Meira.

A lista de admitidos e excluídos publicarase no blog da Asociación o luns 7 de Xuño, avisando persoalmente ás persoas excluídas para que poidan entregar a documentación que subsane as faltas habidas na entrega inicialmente. As alegacións a esta listaxe poderán facerse ata o venres 11 de Xuño.

O mércores 16 de Xuño publicarase a listaxe final de admitidos e excluídos.

En A Fonsagrada, a 26 de Maio de 2010,



GDR3 MONTES E VALES

Sede	Subsede
Avda Galicia,36-2	Estrada Xeral,35-1
27100 A Fonsagrada	27240 Meira
Tlf: 982340367	Tlf: 982330350
gdr3montesevales.blogspot.com	